



CONCELLO
DE NOIA



XV CARREIRA PEDESTRE POPULAR DE NOIA

O **Clube Atletismo Noia (CAN)** e o **Concello de Noia**, organizan conxuntamente a XV edición da súa Carreira Pedestre Popular o **sábado 3 de setembro de 2011** na localidade de **Noia** baixo o control técnico da Federación Galega de Atletismo (Delegación en Santiago) e de acordo co seguinte:

REGULAMENTO

1. Poderán participar atletas federados e non federados, haberá unha sola clasificación conxunta. O control técnico das probas estará a cargo do Comité de Xuices e Cronometradores da Federación Galega de Atletismo, Delegación de Santiago de Compostela.

2. CATEGORÍAS E DISTANCIAS DOS PARTICIPANTES:

CATEGORÍA	ANOS DE NACEMENTO	DISTANCIAS
CHUPETE*	2007 e posteriores	250 metros
PITUFO*	2004-2005-2006	350 metros
BENXAMÍN	2002-2003	1350 metros
ALEVÍN	2000-2001	1350 metros
INFANTIL	1998-1999	3000 metros
CADETE	1996-1997	3000 metros
XUVENIL-JUNIOR FEMENINO	1992-1993-1994-1995	3000 metros
XUVENIL-JUNIOR MASCULINO	1992-1993-1994-1995	10000 metros aprox.
PROMESA-SENIOR	1991 ata 1977	10000 metros aprox.
VETERANOS/AS A	nados entre 1976 e 1966	10000 metros aprox.
VETERANOS/AS B	nados entre 1965 e 1956	10000 metros aprox.
VETERANOS/AS C	nados en 1955 e anteriores	10000 metros aprox.

*As categorías **CHUPETE** e **PITUFO** non son categorías federadas.

3. HORARIO DAS PROBAS

Todos os participantes deberán colocarse na liña de SAÍDA 5 minutos antes do inicio de cada proba, sita a mesma na Alameda de Noia e a carón da Casa do Concello.

HORA	CATEGORÍA
18:00 h	Chupete (250 metros)
18:07 h	Pitufo (350 metros)
18:15 h	Benxamín e Alevín (1350 metros)
18:30 h	Infantil, Cadete e Xuvenil-Junior Femenino (3000 metros)
19:00 h	Xuvenil-Junior Masculino, Promesa-Senior e Veteranos (10000 metros)

4. TROFEOS E PREMIOS EN METÁLICO

Haberá trofeos para os 3 primeiros clasificados de cada categoría (en mulleres e homes), así como trofeo para as 3 primeiras mulleres e os 3 primeiros homes da carreira **ABSOLUTA** (XUVENIL-JUNIOR MASCULINO, PROMESA, SENIOR e VETERANAS/OS A/B/C). Os trofeos non serán acumulativos. Tamén haberá trofeo para os 3 primeiros clubs da clasificación final.

Nas categorías **CHUPETE** e **PITUFO** daranse medalla a todos os participantes.

Non haberá trofeos para estas categorías.

PREMIOS EN METÁLICO

CARREIRA ABSOLUTA (XUVENIL-JUNIOR MASC, PROMESA-SENIOR e VETERANA/O).

PREMIOS INDIVIDUAIS

1º Clasificado: 300 €

2º Clasificado: 175 €

3º Clasificado: 125 € (Iguais para mulleres e homes)

4º Clasificado: 100 €

5º Clasificado: 75 €

PREMIOS POR CLUBES*

1º Clasificado: 150 €

2º Clasificado: 100 €

3º Clasificado: 75 €

*Para a entrar na premiación por clubs deberán inscribirse os atletas individualmente na web www.championchipnorte.com e remitir un correo electrónico á dirección inscripcionesFGAsantiago@gmail.com cos datos do clube xunto co listado de atletas que participarán na proba. Admitiranse só clubs federados nesta premiación (os atletas do clube deberán estar en posesión da licenza federativa, dato que se reflexará no correo electrónico). **SEN ESTE CORREO ELECTRÓNICO NON PODERÁN OPTAR OS PREMIOS POR CLUBES.**

A **clasificación por clubs** será establecida a través dos 4 primeiros corredores en cruzar a liña de meta, pola suma dos seus postos, gañando o equipo que menos puntos acade. En caso de empate gañará o equipo que mellor clasifique o seu 1º compoñente. **Os equipos poderán ser mixtos.** **Para puntuar nesta clasificación é necesario que alo menos 8 corredores do clube logren concluir a carreira.**

Os premios en metálico serán aboados por transferencia bancaria con posterioridade ás probas. Para elo tódolos atletas e clubs gañadores dos mesmos deberán acreditar a súa identidade coa presentación do **DNI, carnet de conducir ou pasaporte** e deberán aportar o seu nº de conta.

5. As INSCRICIÓNS DAS PROBAS ESCOLARES (de chupete a xuvenil-junior femenino) remitiranse ó correo electrónico inscripcionesFGAsantiago@gmail.com, facendo constar os seguintes datos: **nome e apelidos, data de nacemento, clube e nº de licenza federativa** (se a ten).

As **INSCRICIÓNS DA PROBA DE ADULTOS (de XUVENIL-JUNIOR masculino en adiante)** realizaranse a través da web www.championchipnorte.com. Establecerase un prezo de inscrición de **3 €** para aqueles atletas propietarios de **CHIP AMARELO**, e de **5 €** para aqueles atletas **NON PROPIETARIOS** de **CHIP AMARELO**.

O prazo de inscrición rematará o **xoves 1 de setembro** de 2011 **ás 22:00 horas**. **NON SE ADMITIRÁN INSCRICIÓNS FORA DO PRAZO ESTABLECIDO.** Os dorsais de competición recolleranse na **SECRETARÍA DA COMPETICIÓN** sita na Casa do Concello (a carón da **SAIDA**) ata media hora antes do inicio de cada proba. Teléfonos de información: **630 678450 // 606 009943**.

6. Os atletas da carreira absoluta correrán cun **CHIP** na súa zapatilla que será entregado no momento da recollida do dorsal (excepto propietarios) e que deberán entregar **OBRIGATORIAMENTE** unha vez conclúan a súa participación na proba. Todo atleta que chega a liña de meta sen o seu dorsal ou non o leve colocado de xeito visible na zona do peito será automaticamente descualificado.
7. Segundo o artigo 3.4. do Regulamento para as competicións de Ruta da Federación Española de Atletismo respecto as Competicións Autonómicas, ***“En autonomías con frontera terrestre con Portugal o Francia se permitirá la participación de atletas del país vecino siempre y cuando estos atletas no hayan sido internacionales por su país en los últimos 5 años y en una prueba similar. ... En todos estos casos el atleta deberá poseer el permiso de la Federación de su país de acuerdo con la normativa IAAF. ...El organizador retendrá el premio hasta que el atleta presente la documentación que permita su participación en la prueba”.***
8. **Haberá dous puntos de avituallamento:** un situado aproximadamente a metade de percorrido, e outro situado na liña de meta.
9. Habera servizo de duchas no polideportivo municipal a disposición de tódolos atletas ó finalizar as probas. Tódolos atletas que logren concluir a proba recibirán unha camiseta conmemorativa do evento.
10. As reclamacións ós resultados oficiais deberán formularse verbalmente ó Xuíz Árbitro da Competición non máis tarde de 30 minutos despois da publicación dos mesmos.
11. Todo o non previsto no presente regulamento, resolverase de acordo co Regulamento IAAF en vigor.

Máis información nas páxinas web:

- www.atletismogalego.org
- www.clubatletismonoia.org
- www.championchipnorte.com